

## EDICTO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 342/2015, de data 9 de setembro, aprobouse a convocatoria de subvencións para adquisición de material escolar para o curso 2015 - 2016, o que se fai público, a efectos de proceder á súa convocatoria, e que os interesados presenten a documentación requirida na mesma, acompañada dos modelos que a continuación se publican, no prazo de quince (15) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente Edicto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

### **Convocatoria de axudas de Emerxencia para a adquisición de material escolar para o curso 2015-2016.**

#### **1.- FUNDAMENTACIÓN.**

A Constitución Española, no seu artigo 39, establece a obrigatoriedade dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

1. A Lei 7/1985, Reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, o Concello de Vila de Cruces ten competencias en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.
2. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, o Título VII ocúpase da atribución de competencias ás administracións públicas de Galicia en materia de servizos sociais, estruturándoas en dous niveis: Xunta de Galicia e entidades locais, que deberán actuar conforme os principios de coordinación e cooperación. No artigo 60º atribúe aos concellos, entre outras competencias, a creación e o mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos. O artigo 11º, establece as funcións dos servizos sociais comunitarios básicos, entre outras, a atención das situacións individuais e a participación na xestión das prestacións económicas, ....
3. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia reconece á familia como unha estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa, regulando a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer as familias e os seus membros, e, en especial, os nenos e as nenas e os e as adolescentes.
4. A Lei 1/1996, 15 de xaneiro da protección xurídica do menor, no seu artigo 11 fala de que as administracións públicas facilitaran aos menores a asistencia axeitada para o exercicio dos seus dereitos e para isto articularán políticas integrais e compensatorias encamiñadas ao desenvolvemento da infancia, e a corrixir as desigualdades sociais.

## **2.- OBXECTO.**

O obxecto da presente convocatoria é regular o procedemento para a concesión de axudas para a adquisición de material escolar do alumnado de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria para o curso 2015/2016, dirixidas a familias con dificultades socioeconómicas.

Entendendo como material escolar todo aquel que é necesario para o normal desenvolvemento da actividade educativa (libros, cadernos, bolígrafos, material de debuxo, material de plástica, mochila, elementos necesarios para a asignatura de educación física, etc.).

Como obxectivos específicos establécense os seguintes :

- 1.- Facilitar as/os nenas/os procedentes de familias con dificultades económicas, os medios precisos para a súa formación nos niveis de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- 2.- Potenciar a igualdade no acceso ó ensino básico de tódalas/os nenas/os, evitando desigualdades derivadas da situación económico e social das súas familias.
- 3.- Darlles protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e a aquelas outras persoas que se atopen en situación de conflito ou de desamparo.
- 4.- Evitar o deterioro das economías familiares máis precarias, polo gasto que supón a adquisición de material escolar.

A situación persoal e económica das familias con fillos escolarizados é a condición fundamental da concesión destas axudas atopándonos nun dos supostos previstos no artigo 30.7 da Lei Xeral de Subvencións 38/2003 de 17 de novembro.

Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Publicarase un anuncio da presente convocatoria no BOP de Pontevedra e o texto integro publicarase na páxina Web do Concello e no Taboleiro de anuncios.

## **3.- DOTACIÓN ORZAMENTARIA.**

O crédito destinado ao financiamento destas axudas ascende a **7.500 €**, con cargo á partida 2015 / 0 / 231 / 48 / 01 do orzamento de gastos do presente exercicio.

## **4.- COMPATIBILIDADE.**

As subvencións que se outorguen o amparo da presente convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de

calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo de que o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, aisladamente o en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

## **5.- ÁMBITO SUBXECTIVO.**

5.1.Poderán ser beneficiarios/as destas axudas,os/as alumnos/as que no curso académico 2015/2016 vaian cursar estudos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria nos centros educativos do Concello de Vila de Cruces.

5.2.Poderá solicitar estas axudas para a adquisición de material escolar a nai, o pai ou titor/a legal dos/as alumnos/as que reúnan os requisitos para ser beneficiarios/as das mesmas.

## **6.- REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES.**

Poderán ser beneficiarios/as das axudas recollidas na presente convocatoria quen á finalización do prazo de presentación de solicitudes, cumpran cos seguintes requisitos:

1.Todos os membros da unidade de convivencia deberán de figurar empadroados e residir de modo efectivo no Concello de Vila de Cruces na data de publicación no B.O.P de Pontevedra do anuncio desta convocatoria.

2.Convivir, na unidade familiar, as/os alumnas/as para os que se solicita a axuda.

3.Estar matriculado/a en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria para o curso escolar de 2015/2016, nos centros de ensino do Concello de Vila de Cruces.

4.Ter presentada a solicitude e documentación no prazo establecido.

5.Non superar os ingresos económicos fixados no punto sete.

## **7.- REQUISITOS ECONÓMICOS.**

Segundo a disposición adicional octoxésima da Lei 36/2014, de 26 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, o IPREM para o presente exercicio queda fixado en 6.390,13 euros/anuais. En función desta contía, os ingresos económicos da unidade familiar non poderán superar os seguintes límites máximos de rendas obtidas no ano 2014:

<b>Nº Membros da unidade familiar</b>	<b>% do IPREM</b>	<b>Ingresos Netos Anuais</b>	<b>Ingresos Mensuais</b>	<b>Netos</b>
2	130 %	8.307,16 €	692,26 €	

3	150 %	9.585,18 €	798,76 €
4	165 %	10.543,70 €	878,64 €
5	180 %	11.502,20 €	958,52 €
6	195 %	12.460,73 €	1.038,39 €
7	210 %	13.419,25 €	1.118,27 €
8	225 %	14.377,77 €	1.198,15 €

Considéranse ingresos netos anuais da unidade familiar os ingresos globais da unidade familiar, descontando o aluguer da vivenda ou amortización de préstamo da mesma ata un máximo de 250 euros mensuais, e tamén serán deducibles os gastos fixos de calquera membro da mesma en razón de enfermidade ou problemática social con repercusións económicas que se deberán de xustificar e que serán estudadas en cada caso concreto.

Terán a consideración de ingresos os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, pensións alimenticias, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto de carácter fixo como eventual e outras.

No caso de variacións económicas substanciais no ano 2015, con respecto ao 2014, teranse en conta as situacións sobrevidas e que sexan avaliadas pola traballadora social e deberán ser reflectidas nos correspondentes informes sociais, en base á situación actual que xustifique a/o solicitante.

Tendo en conta que as axudas están destinadas a familias con dificultades socioeconómicas, as solicitudes que cumpran os requisitos, valoraranse segundo os seguintes criterios: ingresos da unidade familiar, número de fillos/as en idade escolar e problemática social. Cada unha das solicitudes serán valoradas de acordo ao baremo establecido na base décimo primeira.

Elaborarase unha listaxe de expedientes de maior a menor puntuación, concedéndose axudas ata o límite orzamentario establecido.

## **8.- DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR.**

8.1.A efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos previstos na presente convocatoria considérase que forman parte da unidade de familiar no momento de presentar a solicitude:

- a) A nai, o pai, o/a titor/a legal dos/as alumnos/as que convivisen co alumno.
- b) Irmáns do alumno que convivan no mesmo domicilio.

c) Nos casos de separación/divorcio e viuvez, terá a consideración de membro computable o/a novo/a cónxuxe, parella de feito ou persoa unida por análoga relación de afectividade.

8.2.A xustificación documental dos membros da unidade familiar efectuarase mediante a presentación do/s libro/s de familia. No caso de fillos/as maiores de idade que non convivan no domicilio familiar acreditarase a non convivencia mediante o correspondente certificado de convivencia.

8.3.A separación ou divorcio acreditarase mediante a seguinte documentación:

a) Na separación de feito achegarse xustificante de interposición da demanda de divorcio ou calquera outra documentación que avale esta situación.

b) En caso de separación legal ou divorcio, deberá presentarse copia completa da sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador no que conste a atribución da garda e custodia do/a alumno/a.

8.4.En caso de viuvez da nai/pai, acreditarase mediante certificado de defunción.

## **9.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.**

As/os solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro Xeral Municipal do Concello de Vila de Cruces, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común na súa redacción dada pola Lei 4/1999 do 13 de xaneiro.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto 15 días naturais dende o día seguinte a publicación do anuncio destas Bases no B.O.P. de Pontevedra.

## **10.- DOCUMENTACIÓN.**

As solicitudes serán acompañadas da seguinte documentación:

1. D.N.I. da/o solicitante ou pasaporte ou NIE.

2.- Certificado de convivencia

3.Libro de Familia ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.

4. Certificación da matrícula do centro educativo para o curso escolar 2015/2016, no que conste o curso para o que se solicita a axuda.

5.Xustificación da situación económica e laboral do ano 2014 de tódolos membros que configuran a unidade familiar, aportarán:

5.1.- Declaración do **IRPF do exercicio 2014**, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar; ou **Certificado de Imputacións do I.R.P.F. do ano 2014**, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda. (poderá ser solicitado polo Concello, previa autorización do/a interesado/a).

5.2.- Asimesmo para unha mellor xustificación da situación económico-laboral poderán aportar a seguinte documentación para que sexa valorada:

- Certificacións de empresa ou fotocopias das nóminas.
- Certificacións do INEM sobre prestacións desemprego
- Certificacións sobre pensións...
- Convenio regulador e documentos xustificativos das achegas económicas actualizados, nos supostos de separación o divorcio. No seu defecto declaración xurada de non percibir pensión alimenticia.
- No suposto de que existe imposibilidade de documentar determinadas situacións económicas, esta deberá acreditarse mediante declaración xurada dos/as interesados/as.

6. Certificado do número de conta do/a solicitante

7. Xustificación, no seu caso, do aluguer da vivenda ou amortización do préstamo bancario para adquisición da mesma (ano 2014).

8. Certificación do Grao de Discapacidade e/ou de Dependencia, no caso de que algún membro da unidade familiar estea afectado por ela.

9. Calquera outra documentación que se considera conveniente na instrución do procedemento de resolución.

No suposto de que algúns documentos requiridos non poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración xurada de compromiso.

En caso de que a documentación sexa incompleta requirirase ao solicitante para que a complete nun prazo de 10 días, sendo arquivado o expediente en caso de non presentala.

## **11.- CRITERIOS DE BAREMACIÓN.**

### **1. Situación económica da unidade familiar.**

Para avaliar a situación económica, tanto da unidade familiar coma da unidade de convivencia partirase dos ingresos netos medios mensuais da unidade familiar establecidos na presente convocatoria. Tomándose como Base de cálculo a contía de 532,51 €, correspondente ao IPREM para o ano 2015. A base de cálculo terá un valor constante de 50 puntos. Para efectos

de contabilidade da puntuación partírase dos ingresos netos medios mensuais da unidade familiar (segundo o establecido na base oitava das presentes bases), puntuándose da seguinte forma:

**\*\*os ingresos inferiores** a base de cálculo, contados a partir dela de forma consecutiva e en sentido decrecente, computarase por tramos de 10,00 €. A cada tramos daráselle un valor de 2 puntos. A puntuación final, obterase adicionando ó valor constante de 50 puntos, o resultado do valor da suma dos tramos indicados.

**\*\*os ingresos superiores** a base de cálculo, daráselle unha puntuación de menos 1 punto por cada tramo de 20,00 € superiores á base de cálculo. A puntuación final obterase restando o valor constante de 50 puntos, a suma negativa correspondente o resultado do valor da suma de tódolos tramos a considerar.

**2.Número de Membros da Unidade Familiar:** a cada membro da unidade familiar daráselle un punto.

### **3.Número de Membros da Unidade Familiar que cursen estudos.**

<b>Menores Escolarizados/as</b>	<b>Puntuación</b>
1	5
2	15
3	30
4	45
5	60
6	75

A partir de 7 menores escolarizados/as incrementaranse **15 puntos** por cada membro estudante que se sumarán aos puntos anteriores.

### **4.Criterios Sociais.**

<b>Problemática social</b>	<b>Puntuación</b>
1.- Familias incluídas nalgún Programa no ámbito dos Servizos Sociais comunitarios.	50
2.-Familias nas que algún/s membro/s estean afectados por algunha discapacidade con grao igual ou superior ao 33% legalmente cualificada, ou estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro.	30

3.- Familias monoparentais.	30
4.- Non achega económica por parte dalgún/s do/s membro/s da unidade familiar ao sostemento da mesma.	10

## 12.- CONTÍA DAS AXUDAS.

A contía das bolsas será por un importe único 120 euros por neno escolarizado.

## 13.- CONCESIÓN

O procedemento de concesión das axudas co límite do crédito dispoñible de 7.500,00 euros será en réxime de concorrencia competitiva e concederanse segundo a orde de puntuación acadada atendendo aos seguintes criterios; ata a cuantía máxima establecida na base terceira:

A valoración das solicitudes farase segundo a puntuación total acadada nos apartados 1,2,3 e 4. En virtude do obxecto e obxectivos destas axudas, as solicitudes que acaden puntuación nos criterios sociais terán prioridade sobre aquelas que carezan de puntuación neste apartado.

No suposto de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a seguinte orde de prioridade:

1º. Maior puntuación no apartado criterios sociais.

2º. Maior puntuación no apartado de situación económica da unidade familiar.

3º. Número de rexistro de entrada da solicitude.

No suposto de que o número de solicitudes que reúnan os requisitos esixidos supere o importe destinado ás mesmas, darase prioridades ás daquelas familias que obteñan unha maior puntuación segundo o baremo.

O órgano instrutor será a Traballadora Social do Concello encargada de instruír e tramitar os expedientes.

Revisados os expedientes e completados, se é o caso, remitiranse á Comisión de valoración que elaborará a proposta de concesión das axudas.

### **A COMISIÓN DE AVALIACIÓN ESTARÁ INTEGRADA POLOS SEGUINTES MEMBROS:**

**Presidente:** o alcalde do Concello ou membro da corporación municipal en quen delegue.

**Secretario/a:** O secretario da corporación ou persoa que o sexa da corporación do Concello.

**Vogal:** A Traballadora Social

**Vogal:** A Concelleira de Presidencia e Benestar.



A proposta da comisión de avaliación elevarase á Xunta de Goberno Local para a aprobación definitiva das axudas.

O órgano instrutor notificará ás persoas beneficiarias a concesión da axuda mediante notificación no enderezo que conste na solicitude e publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

O prazo de resolución e notificación será de 3 meses contados a partir do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, en concreto, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da resolución ante o mesmo órgano que a ditou ou ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

#### **14.- CAUSAS DE DENEGACIÓN.**

No caso de resultar denegadas farase constar algúns dos seguintes motivos:

- Presentación da solicitude fóra de prazo.
- Presentación da documentación requirida fóra de prazo.
- Non presentación da documentación.
- Non estar empadroados todos os membros da unidade de convivencia no concello de Vila de Cruces na data de publicación do B.O.P de Pontevedra do anuncio destas Bases.
- Superar o límite de ingresos estipulado no punto sete.
- O/A alumno/a non estea matriculado/a nun Centro de ensino de Vila de Cruces.
- Non convivir na unidade familiar do/a solicitante, os/as alumnos/as para os que se solicita a axuda.
- Falta de dotación orzamentaria.
- Non cumprir algunha/s das obrigas estipuladas na cláusula seguinte.

#### **15.- ABONO**

O abono realizarase mediante pago anticipado do 80% da axuda concedida, en virtude do obxecto destas bases. O 20% restante aboarase previa xustificación da totalidade da axuda concedida de acordo ao disposto no seguinte apartado.

## **16.- XUSTIFICACIÓN, REINTEGRO E CONTROL.**

1.- O prazo de xustificación da axuda será de un mes, contando dende o día seguinte o da recepción da comunicación de concesión da mesma.

2.- O beneficiario da axuda, unha vez outorgada ou concedida a mesma, deberá xustificar a efectiva utilización para a finalidade que previamente determinou a concesión da axuda. Para elo, deberá aportar factura orixinal. As facturas serán devoltas ao beneficiario debidamente estampilladas indicando o importe subvencionado.

As facturas deberán conter como mínimo os seguintes requisitos:

Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.

Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.

Nome e NIF ou CIF do beneficiario da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.

Relación detallada do que se adquiriu.

Número de factura, data e lugar de emisión e denominación da “factura”.

Mención expresa de estar pagada.

Os restantes requisitos esixidos polo RD 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

Se a xustificación presentada non reunise os requisitos sinalados, requeriráselle ós/ás interesados/as para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo teráselle por desistido a súa solicitude.

2.- Si a utilización polo beneficiario da axuda concedida non se realizase efectivamente sobre a finalidade prevista, o Concello de Vila de Cruces esixirá que os fondos recibidos sexan reintegrados á Facenda Municipal, producíndose o mesmo efecto para quen lle fora concedida unha axuda cando non cumprira os requisitos que determinaban o seu outorgamento.

3.- Procederá o reintegro da axuda nos casos seguintes:

- a) A obtención da mesma sen reunir as condicións requiridas para elo.
- b) Incumprimento das condicións impostas.

c) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a axuda.

d) Incumprimento das obrigacións de xustificar.

4.- O procedemento de reintegro da axuda será o seguinte:

a) O procedemento iniciarase de oficio, a iniciativa dos Servizos Sociais do Concello ou da Intervención Municipal, ou por formulación dunha denuncia.

b) Na tramitación do procedemento concedérase ó interesado un prazo de audiencia de quince días.

c) Finalizado o prazo de audiencia, o órgano competente, previos os informes oportunos, ditará resolución, acordando a procedencia ou non do reintegro

### **17.- OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS.**

1. Cumprir as actividades obxecto de subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e/ou material escolar para o/s curso/s no/s que acredita matrícula.

2. Someterse ás actividades de control e fiscalización realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación e o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda.

3. Comunicar á Concellería de Presidencia e Benestar calquera modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda.

4. Compromiso de cumprimento dos obxectivos fixados na intervención socio - familiar realizado polo/a Educador/a Familiar, de ser o caso.

### **18.- RÉXIME DE RECURSOS.**

Contra as resolucións administrativas que se adoptan na súa execución das presentes bases poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes, dende a notificación da resolución.

Entenderase desestimado si transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo tal como prevé o artigo 8 da Lei 2911998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

### **19.- PROTECCIÓN DE DATOS.**

De acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Vila de Cruces, con domicilio en Praza de Juan Carlos I, s/n – Vila de Cruces – Pontevedra, onde se poderán exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

## **20.- RÉXIME XURÍDICO.**

A presente convocatoria rexerese polo establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Vila de Cruces, publicada no BOP nº 35, de 20 de febreiro de 2006, sen prexuízo das especialidades reguladas nesta convocatoria.

En todo aquilo non previsto na presente convocatoria, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 88712006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vila de Cruces para o ano 2015; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vila de Cruces, 14 de setembro de 2015.

O ALCALDE,

Asdo.- Jesús Otero Varela.

# SOLICITUDE DE EMERXENCIA PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR PARA O

**CURSO 2015 / 2016**

<b>SOLICITANTE:</b>			
Apelidos e nome:			
DNI nº:	Data de nacemento:	Teléfono:	
Enderezo:			
<b>E NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
Nome:			
DNI nº:	Teléfono:		
Enderezo			
<b>ALUMNOS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA:</b>			
Apelidos e nome	Data de nacemento	DNI nº	curso
<b>DATOS BANCARIOS:</b>			
Nome da entidade:		Enderezo:	
<b>IBAN</b>			
<b>DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:</b>			
D.N.I. da/o solicitante, pasaporte ou NIE.			
Certificado de convivencia			
Certificación da matrícula do centro educativo para o curso escolar 2015/2016, no que conste o curso para o que se solicita a axuda.			
Libro de Familia ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.			
Declaración do IRPF do exercicio 2014, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar; ou Certificado de Imputacións do I.R.P.F. do ano 2014, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda.			
Certificado do número de conta do solicitante.			
<b>Documentación optativa para valoración de solicitudes</b>			
Certificacións de empresa ou fotocopias das nóminas.			
Certificacións do INEM sobre prestacións desemprego			
Certificacións sobre pensións...			
Convenio regulador e documentos xustificativos das achegas económicas actualizados, nos supostos de separación o divorcio. No seu defecto declaración xurada de non percibir pensión alimenticia.			
Xustificación, no seu caso, do aluguer da vivenda ou amortización do préstamo bancario para adquisición da mesma (ano 2014).			
Certificación do Grao de Discapacidade e/ou de Dependencia, no caso de que algún membro da unidade familiar estea afectado por ela.			
Calquera outra documentación que se considera conveniente na instrución do procedemento de resolución.			
<b>SINATURA DO SOLICITANTE</b>			
Vila de Cruces, _____ de _____ de 2015			

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES**

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

**Don** \_\_\_\_\_ **con DNI nº** \_\_\_\_\_ **en** \_\_\_\_\_  
nome propio ou en representación de \_\_\_\_\_  
**DECLARO:**

- A) Que cumpro con todos os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13.2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. (\*1 ver dorso).
- B) Que non estou/á incurso en ningún suposto de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- C) Que estou/á ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- D) Que non teño/ten pendente de pago ningunha cantidade derivada de expedientes de reintegro de subvencións.

En relación coa actividade subvencionada:

<input type="checkbox"/>	NON ten solicitado outras axudas para a mesma finalidade								
<input type="checkbox"/>	SI solicitou outras axudas para a mesma finalidade e NON foron concedidas								
<input type="checkbox"/>	SI ten concedidas outras axudas o para a mesma finalidade dos seguintes organismos:								
	<table border="1"><thead><tr><th>ORGANISMO</th><th>IMPORTE</th></tr></thead><tbody><tr><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td></tr></tbody></table>	ORGANISMO	IMPORTE						
ORGANISMO	IMPORTE								

- E) Que son certos cantos datos figuran na presente solicitude.
- F) Que coñece as bases e cumpre cos requisitos establecidos nas mesmas.
- G) Que se compromete a destinar o importe da axuda ao obxecto da subvención indicada.
- H) Que se compromete a someterse ás actividades de control e fiscalización realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación e o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda.
- I) Que se compromete a comunicar á Concellería de Presidencia e Benestar calquera modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda.
- J) Que se compromete a cumprir cos obxectivos fixados na intervención socio-familiar realizado polo/a Educador/a Familiar, de ser o caso.

En Vila de Cruces, a ..... de ..... de 2015

Ante O Secretario da Corporación ou notario público, autoridade competente  
(sinatura)

*Artículo 13 Requisitos para obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora*

**1.** Podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora las personas o entidades que se encuentren en la situación que fundamenta la concesión de la subvención o en las que concurran las circunstancias previstas en las bases reguladoras y en la convocatoria.

**2.** No podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora de las subvenciones reguladas en esta Ley las personas o entidades en quienes concurra alguna de las circunstancias siguientes, salvo que por la naturaleza de la subvención se exceptúe por su normativa reguladora:

- **a.** Haber sido condenadas mediante sentencia firme a la pena de pérdida de la posibilidad de obtener subvenciones o ayudas públicas.
- **b.** Haber solicitado la declaración de concurso voluntario, haber sido declarados insolventes en cualquier procedimiento, hallarse declarados en concurso, salvo que en éste haya adquirido la eficacia un convenio, estar sujetos a intervención judicial o haber sido inhabilitados conforme a la Ley 22/2003, de 9 de julio, Concursal, sin que haya concluido el período de inhabilitación fijado en la sentencia de calificación del concurso.
- **c.** Haber dado lugar, por causa de la que hubiesen sido declarados culpables, a la resolución firme de cualquier contrato celebrado con la Administración.
- **d.** Estar incurso la persona física, los administradores de las sociedades mercantiles o aquellos que ostenten la representación legal de otras personas jurídicas, en alguno de los supuestos de la Ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación de los conflictos de intereses de los miembros del Gobierno y de los altos cargos de la Administración General del Estado, de la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas, o tratarse de cualquiera de los cargos electivos regulados en la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General, en los términos establecidos en la misma o en la normativa autonómica que regule estas materias.
- **e.** No hallarse al corriente en el cumplimiento de las obligaciones tributarias o frente a la Seguridad Social impuestas por las disposiciones vigentes, en la forma que se determine reglamentariamente.
- **f.** Tener la residencia fiscal en un país o territorio calificado reglamentariamente como paraíso fiscal.
- **g.** No hallarse al corriente de pago de obligaciones por reintegro de subvenciones en los términos que reglamentariamente se determinen.
- **h.** Haber sido sancionado mediante resolución firme con la pérdida de la posibilidad de obtener subvenciones conforme a ésta u otras leyes que así lo establezcan.
- **i.** No podrán acceder a la condición de beneficiarios las agrupaciones previstas en el segundo párrafo del apartado 3 del artículo 11 de esta Ley cuando concurra alguna de las prohibiciones anteriores en cualquiera de sus miembros.
- **j.** Las prohibiciones de obtener subvenciones afectarán también a aquellas empresas de las que, por razón de las personas que las rigen o de otras circunstancias, pueda presumirse que son continuación o que derivan, por transformación, fusión o sucesión, de otras empresas en las que hubiesen concurrido aquéllas.

**3.** En ningún caso podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora de las subvenciones reguladas en esta ley las asociaciones incursas en las causas de prohibición previstas en los apartados 5 y 6 del artículo 4 de la [Ley Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora del Derecho de Asociación](#).

Tampoco podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora las asociaciones respecto de las que se hubiera suspendido el procedimiento administrativo de inscripción por encontrarse indicios racionales de ilicitud penal, en aplicación de lo dispuesto en el artículo 30.4 de la Ley Orgánica 1/2002, en tanto no recaiga resolución judicial firme en cuya virtud pueda practicarse la inscripción en el correspondiente registro.

**4.** Las prohibiciones contenidas en los párrafos b), d), e), f), g), h), i) y j) del apartado 2 y en el apartado 3 de este artículo se apreciarán de forma automática y subsistirán mientras concurran las circunstancias que, en cada caso, las determinen.

**5.** Las prohibiciones contenidas en los párrafos a) y h) del apartado 2 de este artículo se apreciarán de forma automática. El alcance de la prohibición será el que determine la sentencia o resolución firme. En su defecto, el alcance se fijará de acuerdo con el procedimiento determinado reglamentariamente, sin que pueda exceder de cinco años en caso de que la prohibición no derive de sentencia firme.

6. La apreciación y alcance de la prohibición contenida en el párrafo c) del apartado 2 de este artículo se determinará de acuerdo con lo establecido en el artículo 21, en relación con el artículo 20.c) del texto refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2002, de 16 de junio.

7. La justificación por parte de las personas o entidades de no estar incurso en las prohibiciones para obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora, señaladas en los apartados 2 y 3 de este artículo, podrá realizarse mediante testimonio judicial, certificados telemáticos o transmisiones de datos, de acuerdo con lo establecido en la normativa reglamentaria que regule la utilización de técnicas electrónicas, informáticas y telemáticas por la Administración General del Estado o de las comunidades autónomas, o certificación administrativa, según los casos, y cuando dicho documento no pueda ser expedido por la autoridad competente, podrá ser sustituido por una declaración responsable otorgada ante una autoridad administrativa o notario público.